

## ANUNCIO

O Concello de Lalín convoca o VI Concurso de Marcapáxinas do Concello de Lalín conforme ás seguintes Bases, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 11 de febreiro de 2010.

### **CONVOCATORIA DO CONCELLO DE LALÍN PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO VI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS.**

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de premios do VI Concurso de Marcapáxinas do Concello de Lalín, organizado pola Biblioteca Pública Municipal “Varela Jácome”, co tema “Imaxina o teu libro”.

O gasto destinado a premios é de 400 €, con cargo á aplicación presupostaria 334.481.00 do Presuposto municipal vixente.

Esta convocatoria rexerese polas bases que están a disposición dos interesados no Concello de Lalín, na Biblioteca Pública Municipal Varela Jácome e na páxina web: [www.lalin.org](http://www.lalin.org).

### **BASES PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO VI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL VARELA JÁCOME, DO CONCELLO DE LALÍN.**

#### **Primeira: Obxecto.**

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de premios polo deseño de marcapáxinas baixo o tema “Imaxina o teu libro”, cunha dotación máxima de 400 €, con cargo á aplicación presupostaria 334.481.00 do Presuposto do Concello de Lalín para o 2010.

#### **Segunda: Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarios dos premios as persoas físicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os interesados poderán participar nas seguintes categorías:

Categoría A: ata 5 anos.

Categoría B: de 6 a 8 anos.

Categoría C: de 9 a 12 anos.

Categoría D: de 13 a 17 anos.

Categoría E: de 18 a 79 anos

Categoría F: de 80 anos en diante.

### **Terceira: Forma de presentación das obras.**

Os traballos deberán ser remitidos ó Rexistro Xeral do Concello de Lalín (Praza do Concello, nº 1, 36500 Lalín (Pontevedra)) dentro dun sobre pechado que conteña os datos persoais do autor ou, no seu caso, do seu representante legal (nome e apelidos, DNI, idade, enderezo e teléfono de contacto). No sobre indicárase “VI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS DO CONCELLO DE LALÍN”.

Cada autor só poderá presentar un traballo.

Tódolos traballos deberán ocupar unha soa cara e no reverso deberán levar impresos o nome do participante, a idade e un teléfono de contacto, debendo ter as seguintes medidas: 20 cm. x 5 cm.

Os traballos que non cumpran todos estes requisitos serán automaticamente descalificados.

### **Cuarta: Prazos.**

O prazo de admisión dos traballos finalizará o 31 de marzo de 2010.

A concesión dos premios será notificada ós beneficiarios e publicada na páxina web do Concello de Lalín así coma no seu taboleiro de anuncios e nos medios de comunicación locais.

Entenderase que o beneficiario acepta o premio se no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, non se manifesta en sentido contrario.

A entrega de premios terá lugar o día 23 de abril de 2010.

### **Quinta: Xurado**

O xurado, composto por persoas vencelladas á Biblioteca e ao mundo da cultura local, elevará á Xunta de Goberno local a proposta de concesión de Premios, sendo éste o órgano competente para a súa concesión.

### **Sexta: Categorías de premios e contía.**

Neste concurso establécense seis categorías de premios:

Categoría A: diploma, lote de libros e 20 €.

Categoría B: diploma, lote de libros e 40 €.

Categoría C: diploma, lote de libros e 60 €.

Categoría D: diploma, lote de libros e 80 €.

Categoría E: diploma, lote de libros e 100 €.

Categoría F: diploma, lote de libros e 100 €.

### **Sétima: Criterios de concesión dos premios.**

Obterán os premios os traballos que maior puntuación obteñan tendo en conta os seguintes criterios nos que se baseará o xurado para propoñer a súa concesión:

-Estética e calidade plástica: ata 4 puntos.

-Orixinalidade da obra: ata 4 puntos.

-Tratamento do tema: ata 2 puntos.

### **Oitava: Obrigas dos beneficiarios dos premios.**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases. As obras premiadas quedarán en poder da Biblioteca Pública Municipal de Lalín “Varela

Jácome” e poderán ser editadas como marcapáxinas pola mesma, reservándose o dereito de exhibilas e publicalas, xunto co nome do autor.

Os orixinais non premiados poderán ser retirados no prazo dun mes despois de que se faga pública a decisión do xurado.

Os traballos que no se recollan neste prazo pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública Municipal “Varela Jácome”.

#### **Novena: Recursos.**

A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Lalín, 18 de febreiro de 2010.  
O Alcalde,

Asdo.: D. José Crespo Iglesias